

NOTA DE PRENSA

Un seminario do COPG analiza as consecuencias psicolóxicas que poden padecer as vítimas de desastres

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2014.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia programa para a tarde do 28 de novembro o seminario “Consecuencias psicolóxicas en vítimas de desastres”. Trátase dunha actividade formativa destinada a profesionais da psicoloxía, que será impartida por María Paz García Vera, catedrática do Departamento de Psicoloxía Clínica da Universidad Complutense de Madrid (UCM).

A sesión é teórica-práctica e está orientada a describir as posibles consecuencias psicolóxicas que presentan as vítimas ante os distintos tipos de catástrofe e de perdas. Os/As asistentes analizarán os diferentes desastres e como poden afectar ás persoas que os viven, así como as técnicas psicolóxicas que demostran maior eficacia no seu tratamento.

O seminario está dirixido aos/ás colexiados/as, con prioridade de asistencia para os integrantes do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), pertencente ao COPG. Este equipo de especialistas leva 17 anos traballando con persoas afectadas por situacións debidas a accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia, etc.

A docente

Catedrática no Departamento de Psicoloxía Clínica da Universidade Complutense de Madrid, María Paz García Vera dirixe desde hai tres anos un proxecto de investigación sobre o *Seguimento psicolóxico das vítimas do terrorismo e a efectividade dos tratamentos psicolóxicos*, colaborando coa Asociación de Vítimas do Terrorismo e financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

Na actualidade traballa ademais como colaboradora na investigación e xestión de catástrofes a nivel internacional coa Universidade de Miami, no *Center for Disaster & Extreme Event Preparedness*, xunto co Profesor James Shultz.

García Vera ten participado en 40 proxectos de investigación, dirixindo 15 deles e entre os que destacan os contratos levados adiante coa Cruz Vermella, para o seguimento das vítimas de accidentes e catástrofes.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
686 994 089
Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es